

## **ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Carballo, en Sesión Ordinaria do luns 28 de xaneiro de 2019, aprobou o seguinte ACORDO:

### **5.- Convenios.**

#### **5.1.- Convenio específico de colaboración entre a academia Gaba Formación e o Concello de Carballo para a realización das prácticas profesionais non laborais da acción formativa -ADGG0408-Operacións auxiliares de servizos administrativos e xerais. Aprobación.**

#### **“CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE ACADEMIA GABA FORMACIÓN E O CONCELLO DE CARBALLO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS PROFESIONAIS NON LABORAIS DA ACCIÓN FORMATIVA ADGG0408 OPERACIÓNS AUXILIARES DE SERVIZOS ADMINISTRATIVOS E XERAIS.**

#### **CLAÚSULAS.-**

##### **PRIMEIRA.- Obxecto do Convenio**

1.1.- O obxecto deste Convenio de Colaboración é a realización de Prácticas Non Laborais incluídas nas horas lectivas do Curso de **OPERACIÓNS AUXILIARES DE SERVIZOS ADMINISTRATIVOS E XERAIS- ADGG0408-**. Coa realización das prácticas o alumnado mellorará a capacitación adquirida.

1.2.- A academia Gaba Formación e o Concello de Carballo conveñen que o alumno

##### **S- ADGG0408-,**

desenvolvan nos departamentos mencionados anteriormente as Prácticas Non Laborais, incluídas nas horas lectivas do devandito curso.

1.3.- Gaba Formación, como responsable da coordinación, control, seguemento e avaliación das prácticas profesionais no Concello de Carballo, supervisará ao longo desta fase o traballo desenvolvido polo alumnado, e a labor de titorización levada a cabo polo Concello de Carballo, así mesmo, comprométese a non reclamar á esta entidade, ningunha responsabilidade máis alá do reflectido expresamente no presente convenio.

1.4.- Terá lugar no termo municipal de Carballo, nos departamento de Servizos Sociais e Protección civil sitios en Avenida do Ambulatorio Praza Médico Eduardo Mariño e no departamento de Turismo sito en Rúa Martín Herrera (15100 Carballo).

1.5.- As prácticas desenvolveranse ao finalizar os restantes módulos formativos.

1.6.- Gaba formación financiará o seguro de accidentes do alumnado durante a realización das prácticas profesionais e os desprazamentos dende o seu domicilio ao lugar das prácticas, e a póliza de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que para os bens e persoas poidan derivarse da realización destas prácticas.

##### **SEGUNDA.- DURACIÓN**

2.1 A duración do presente Convenio de Colaboración é de 7 días, sumando un total de 40 horas lectivas, dende o 7/02/2019 ata o 15/02/2019 en horario de 8.30h. a 14.30h. ,agás o día 15 que o seu horario será de 8.30h a 12.30h.

2.2.- Calquera das partes poderá solicitar, de forma expresa, a rescisión do Convenio de Colaboración con preaviso de catro días (4) á data de remate do mesmo. O preaviso non eximirá do cumprimento das obrigas xeradas ata o momento.

##### **TERCEIRA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL**

1.- As prácticas que realice o alumnado da Academia Gaba Formación co Concello de Carballo non suporá en ningún caso existencia de relación laboral entre o alumnado e o concello, nin terán dotación económica obrigatoria.

##### **CUARTA.- OBRIGAS DA ACADEMIA GABA FORMACIÓN**

4.1.- Realizar un sistema de tutorías para o seguimento da realización das prácticas e avaliación.

4.2.- Acreditar a vixencia dun seguro de accidentes dos alumnos que cubra os riscos do curso, que incluírá os do traxecto ao lugar da realización das prácticas e abranguerá o período de duración daquelas.

4.3.- Comunicar á Inspección de Traballo a relación de alumnos/as que van realizar as prácticas e o nome da entidade/empresa nas que se van a realizar, datas e horario de realización.

##### **QUINTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE CARBALLO**

5.1.- O Concello de Carballo observará nas súas instalacións as correspondentes medidas de seguridade e hixiene establecidas pola vixente lexislación en materia de riscos laborais. A empresa informará, formará e fará cumprir e respetar ao alumnado as devanditas medidas. Igualmente a entidade deberá cumprir a normativa de Protección de Datos de carácter persoal.

5.3.- Calquera incidencia que se produza no desenvolvemento das prácticas deberá ser comunicada á Academia Gaba Formación.

5.4.- Comunicar aos representantes legais dos/as traballadores o alumnado en prácticas.

#### **SEXTA.- OBRIGAS E DEREITOS DO ALUMNADO EN PRÁCTICAS**

Son obrigas e dereitos do alumno en prácticas.

1. Incorporarse ao departamento asignado no Concello de Carballona data sinalada
2. Respetar, en todo momento, a normativa da entidade receptora, seguindo as instrucións que lle sexan dadas pola mesma e cumprir co plan de formación.
3. Manter unha actitude favorable na súa integración na entidade, aplicarse con diligencia e aproveitamento.
4. Informar ao titor/a das súas actividades na entidade e manter con él/ela as reunións que éste/ésta estime oportunas.
5. En caso de enfermidade ou lesión do/a alumno/a deberá comunicar a súa situación á Academia Gaba Formación e o Concello de Carballo co oportuno parte médico xustificativo da mesma.
6. Gardar secreto profesional sobre cantas informacións poidan chegar a coñecer en relación ao proceso productivo, sistemas técnicos empregados no Concello de Carballoou calquera aspecto económico ou comercial de análoga natureza.

#### **SÉTIMA.- EXTINCIÓN**

O seguinte acordo extinguirase polas seguintes causas:

- 1.- Transcurso do prazo de duración
- 2.- Resolverase, a instancia de calquera das partes, por incumprimento das obrigas da contraparte asumidas segundo este documento, sin necesidade de preaviso.
- 3.- Non obstante existirán causas de incumprimento non responsable de tal xeito que calquera das partes non responderá:
  - a. Incumprimento como consecuencia de circunstancias que estén fora do seu control: incendio, inundación, terremoto, fallo técnico, motín, explosión, embargo, folga legal ou ilegal, escasez de material ou persoal, interrupción do transporte de calquera tipo, retraso no traballo ou calquera outra circunstancia fora de control do persoal directa ou indirectamente ligado a calquera das partes que afecte de calquera xeito á realización das prácticas.

#### **OITAVA.- NULIDADE DO ACORDO**

8.1.- O acordo e o seu contido estará suxeito ás causas de nulidade establecidas en Dereito.

8.2.- A nulidade ou ineficacia dalgunha das cláusulas do presente acordo declarada por autoridade judicial ou administrativa, non impedirá a validez do resto.

#### **NOVENA.- NATUREZA E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS**

9.1.- As controversias que se orixinen na aplicación e execución do convenio serán sometidas á orde xurisdiccional contenciosa-administrativa nos tribunais con xurisdicción no municipio de Carballo.”